

**PROXECTO EDUCATIVO**

**DE CENTRO**

**(P.E.C.)**

BY: 05/24  
CEIP SERRA VINCICIOS  
**CEIP SERRA VINCICIOS**



	<b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	<b>CEIP SERRA-VINCIOS</b>	
WEB: <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipserravincios">www.edu.xunta.gal/centros/ceipserravincios</a> E-Mail: <a href="mailto:ceip.serra.vincios@edu.xunta.es">ceip.serra.vincios@edu.xunta.es</a>		A Serra s/n - Vincios 36316 GONDOMAR (Pontevedra) ☎ 886 120 042	



## **INDICE**

- 1. INTRODUCCIÓN**
- 2. MARCO LEGAL**
  - RANGO ESTATAL
  - RANGO AUTONÓMICO
- 3. CONTEXTO ESCOLAR. ONDE ESTAMOS?**
  - SITUACIÓN XEOGRÁFICA
  - SERVIZOS
  - POBOACIÓN
  - SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DAS FAMILIAS
- 4. QUEN SOMOS E QUE MEDIOS TEMOS?**
  - DATOS DE IDENTIFICACIÓN
  - ELEMENTOS MATERIAIS
  - ELEMENTOS HUMANOS
  - LINGUAS DO CENTRO
- 5. QUE PRETENDEMOS?**
  - FINS E PRINCIPIOS EDUCATIVOS
  - INTENCIÓNS EDUCATIVAS
  - OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO
  - TEMÁTICA ANUAL DE CENTRO
  - OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL
  - OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA
  - PROPOSTAS METODOLÓXICAS
  - O PROCESO DA AVALIACIÓN
- 6. FORMAS DE COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN ENTRE OS DISTINTOS SECTORES DA COMUNIDADE.**
- 7. AVALIACIÓN E REVISIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO**
- 8. DIVULGACIÓN, APLICACIÓN E CAMBIOS NO PEC**
- 9. PLANS E PROXECTOS (ANEXOS EN OUTROS DOCUMENTOS)**
- 10. CERTIFICACIÓN DO CLAUSTRO DE PROFESORES E DO CONSELLO ESCOLAR**

## **1. INTRODUCCIÓN.**

Entendemos por Proxecto Educativo de Centro (PEC) un instrumento que marca o carácter propio e a personalidade do centro referido a todo o ámbito educativo tanto a nivel organizativo e de xestión como o docente/pedagóxico. Enumera e define as súas notas de identidade e propicia unha maior unidade de criterios en todos os ámbitos da actuación educativa.

Ademais, serve como punto de referencia e ten vocación de continuidade e estabilidade. Non é algo que necesariamente haxa que cambiar, pero si é susceptible de ser modificado cando se requira; debe ser un documento flexible, aberto, breve, claro e vivo no seu contido.

O noso proxecto educativo constitúe o documento que expresa os sinais de identidade do noso centro. É o referente do principio de autonomía pedagóxica e organizativa. Con todo isto perseguimos mellorar o rendemento académico do alumnado e a súa formación equilibrada, contribuíndo a coñecer mellor o medio no que vive.

Para a súa elaboración e en canto á súa estrutura, da resposta a catro preguntas clave, de proxecto e de educación no seu máis amplo sentido:

Onde estamos?  
Quen somos?  
Que medios temos?  
Que pretendemos?

## **2. MARCO LEGAL.**

### **2.1. Rango Estatal.**

\* Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), (BOE 10-12-2013).

\* Real Decreto 126/2014, do 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da Educación Primaria (BOE 01-03-2014).

\* Lei de Convivencia e participación. LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

\* Real Decreto 1533/1986, de 11 de xullo, polo que regulan as asociación de pais/nais de alumnos/as (BOE do 29 de xullo).

### **2.2. Rango Autonómico.**

\* Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 09/09/14).

\* ROC: Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. (DOG do 21/10/96). Corrección de erros, (DOG do 06/11/96, 08/01/97 e 26/02/97).

\* Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 02/09/1997).

\* Decreto 94/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de réxime disciplinario dos funcionarios da administración da comunidade autónoma de Galicia, (modificado polo Decreto 1572004, do 7 de xullo).

\* Decreto 330/2009 polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

\* Decreto 105/2014, do 4 de setembro polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia

\* Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

\* Orde de 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

\* Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos.

\* Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos.

\* Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade autónoma de Galicia.

\* Prioridades de actuación das dinamizacións, Orde do 17 de xullo de 2007.

\* Decreto 120/1998 (D.O.G. 27/04/98) polo que se regula a orientación educativa e profesional da Comunidade Autónoma de Galicia.

\* Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.


\* Orde do 28 de xuño de 2010 pola que se modifican parcialmente as ordes do 1 de agosto de 1997, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se

establece a súa organización e funcionamento, do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e do 3 de outubro de 2000, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.

### 3. CONTEXTO ESCOLAR. ONDE ESTAMOS?

#### 3.1. Situación xeográfica.

O CEIP Serra-Vincios está situado no barrio da Serra, na parroquia de Vincios, pertencente ao concello de Gondomar. De todas as parroquias do concello de Gondomar, a de Vincios é a máis próxima ao concello de Vigo.



A estrada Porriño-Gondomar cruza a Parroquia de Vincios que dista da capital do concello (Gondomar) sobre 6km, da cidade de Vigo uns 10km e 13km de Porriño; limita ao norte cos concellos de Vigo e Nigrán, ao leste cos concellos de Vigo e Tui, ao sur co concello de Gondomar e polo oeste cos de Gondomar e Nigrán. No lugar da Pasaxe conflúen as estradas Vigo-Vincios e O Porriño-Gondomar. Alí está a saída (ou entrada) da autoestrada A 57, Vigo-Baiona.

Do barrio dos Arcos parte outra estrada que, pasando polas parroquias de Chaín, Peitíeiros e Couso, vai dar á estrada Gondomar-Tui (polo alto de San Antoniño), con derivación para Tomiño na parroquia de Couso.

Vincios ten arredor de 2.300 habitantes repartidos en 15 barrios: Arcos, Brandufe, Casás, Cernada, Figueiro, Fraga, Guisande, Hervillás, Pasaxe, Piñeiro, Rocha, Salgueiro, Serra, Tumbio e Xian.

No seguinte mapa, pódese apreciar a localización exacta da parroquia:



### **3.2. Servizos.**

#### *Saúde:*

O concello dispón dun Centro de Saúde, na parroquia de Gondomar. A maioría da poboación conta cos servizos médicos e hospitalarios situados no concello de Vigo. No barrio de Hervillás hai unha farmacia.

#### *Transporte:*

A parroquia é deficitaria en medios de transporte público que a comuniquen con Gondomar, con Vigo ou cos demais concellos limítrofes. Hai unha liña de autobuses en dirección Vigo-Gondomar que pasa cunha frecuencia de unha hora, máis ou menos.

#### *Sociais:*

A Concellaría de Servizos Sociais dispón dunha asistente social, traballadora social e educadora familiar. A escola fai uso deses servizos cando os precisa.

#### *Educación:*

O CEIP "Serra-Vincios" está adscrito ao IES Terra de Turonio de Gondomar. Somos o único colexio de infantil e primaria da parroquia.

A Concellaría de Educación de Gondomar encárgase da mantemento e conservación do edificio ademais de ofertar diversas actividades educativas para os centros.

#### *Entidades:*

As máis significativas coas que conta a parroquia de Vincios son:

- Asociación de Veciños, que dispón dun local social, no que se desenvolven as distintas actividades culturais da parroquia.
- Comunidade de Montes, que colabora aportando subvencións para a realización de diferentes actividades culturais e educativas.
- Escola de Música e Banda de Música de Vincios. Unha alta porcentaxe de alumnado asiste habitualmente a esta escola como actividade extraescolar que se desenvolve no seu local preto do noso colexio.
- A.N.P.A. "Santa Mariña", dispón dun local no interior do centro e colabora estreitamente no funcionamento do colexio planificando as actividades extraescolares, subvencionando outras actividades interesantes e xestionando a aula matinal.
- Club de Fútbol de Vincios.
- Agrupación Deportiva Vincios.

#### *Festas:*

- Santa Mariña: 18 de xullo (festa patronal).
- Santa Lucía: 13 de decembro, que temos por costume solicitalo como día non lectivo á Consellería de Educación por tradición.
- Festa do comuneiro no Monte Galiñeiro.

### **3.3. Poboación.**

A poboación da parroquia é duns 2.300 habitantes e o nivel social, económico e cultural da maioría das familias da zona é medio-baixo.

### **3.4. Situación sociolingüística das familias.**

O colexio realizou un estudo socio-lingüístico da zona. A participación das familias dos/as alumnos/as foi moi elevada (95%).

A enquisa centrouse nos seguintes aspectos:

- a) Estructura familiar.
- b) Procedencia e asentamento.
- c) Nivel socio-cultural.
- d) Linguas de relación a nivel familiar.

#### **3.4.1. Estructura familiar.**

Un 52% das familias son nucleares, formadas polos pais e os fillos. Un 30% corresponde ao grupo de familias amplas, onde os pais e fillos conviven cos avós e outros familiares. Ao redor dun 7% son familias monoparentais, sendo a nai quen ten a familia ó seu cargo. Outro 3% de alumnos/as convive en réxime de tutela, a cal ostentan tíos/as ou avós/as.

#### **3.4.2. Procedencia e asentamento.**

- Un 43% dos pais/nais e un 69 % dos fillos son nados na parroquia.
- Un 10 % dos pais/nais e un 5 % dos fillos/as son nados noutras parroquias do concello.
- Un 36 % dos pais/nais e un 17% dos fillos/as naceron fóra de Gondomar.
- Un 5 % dos pais/nais non son galegos/as.
- Todos os alumnos/as son galegos/as.

#### **3.4.3. Nivel socio-cultural.**

O Índice Socioeconómico e Cultural (ISEC) do centro, elaborado a partires de variables relativas ao nivel de estudos, á situación laboral e profesional das familias e aos recursos culturais e materiais no fogar, é **BAIXO**.

Estudos:

- A maioría dos /as pais/nais acadaron nivel de estudos primarios.



- 40% ten Certificado de Escolaridade.
- Un 45% Certificado de Graduado Escolar.
- 6% ten título de Bacharelato.
- Ó redor dun 2% ten estudos universitarios de grao medio.
- Outro 2% ten estudos universitarios de grao superior. O resto NS/NC.
- Hai un 15% máis de nais que de pais que acadaron o graduado escolar.
- No caso do bacharelato invértese a relación.

#### Profesións e situación laboral dos pais /nais:

- Un 50% dos pais/ nais traballan na rama de industria e hostalería.
- Sobre un 30% de pais traballan na construción.
- O redor dun 40% das nais traballan no servizo doméstico.
- A maior parte dos pais teñen un contrato fixo (65%).
- O 11% ten contrato temporal.
- A incidencia do paro é dun 4,5% nos pais. O resto NS/NC.
- O 45% das nais traballan fóra da casa.
- O 8% está no paro.
- Un 30% están na casa. O resto NS/NC.

Dado que a maioría das nais desenvolve as súas actividades dentro da casa, elas son quen se fan cargo dos/as fillos/as cando chegan do colexio:

- Unha porcentaxe do 45% son atendidos/as polas nais.
- O 20% son atendidos/as por ámbolos dous pais.
- Un 27% que son atendidos/as polos avós. O resto N/S N/C.

#### Actividades extraescolares:

- Arredor dun 40% dos alumnos/as realizan actividades extraescolares de carácter deportivo.
- Un 16% asisten a actividades musicais.
- Un 10% realizan actividades deportivas e musicais.
- Un 29% asisten a actividades manuais, dos que ó redor do 10% comparten ese tipo de actividade coas deportivas.
- O resto realiza outro tipo de actividades extraescolares non especificadas nas enquisas.

#### Expectativas dos pais/nais cara o futuro dos seus fillos/fillas:

- Un 70% desexan que os seus fillos/as continúen estudando ó remata-la educación secundaria.
- Sobre un 10% consideran que deben poñerse a traballar cando rematen a E.S.O..
- Arredor dun 20% non teñen expectativas claras respecto do futuro dos seus fillos/as.

#### Colaboración dos pais cos/as fillos/as con respecto ó estudio:

- A interrelación pais/nais – fillos/as en relación co estudio céntrase fundamentalmente no control de deberes (67%).
- Un 58 % participa mediante explicacións; deles o 30% comparte ámbolos dous tipos de colaboración.
- Un 16% dos nenos/as asiste a clases particulares.
- Un 4% recibe tratamentos rehabilitadores extraescolares de diversa índole.

#### 3.4.4. Linguas de relación a nivel familiar.

- A lingua de relación a nivel familiar maioritaria é o galego.
- Segundo a enquisa, a porcentaxe de uso do galego entre os pais é dun 69%.
- Entre pais e avós ó redor dun 70% a comunicación é en galego.
- Na comunicación pais - fillos aparece o galego nun 61%.
- Na relación avós - netos, sobre un 69% falan galego.

## 4. QUEN SOMOS E QUE MEDIOS TEMOS?

### 4.1. Datos de identificación.

#### 4.1.1. Datos xerais.

<b>NOME DO CENTRO</b>	C.E.I.P. SERRA VINCIOS
<b>CÓDIGO</b>	36014672
<b>DOMICILIO</b>	A Serra s/n – C.P.: 36316
<b>LOCALIDADE</b>	Vincios
<b>CONCELLO</b>	Gondomar
<b>PROVINCIA</b>	Pontevedra
<b>TELÉFONO E FAX</b>	886120042
<b>CIF</b>	S8600052H
<b>E-MAIL</b>	ceip.serra.vincios@edu.xunta.es
<b>WEB</b>	<a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipserravincios">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipserravincios</a>
<b>ÁREA DE INFLUENCIA</b>	Parroquia de Vincios
<b>I.E.S. AO QUE ESTAMOS ADSCRITOS</b>	IES Terra de Turonio de Gondomar
<b>DECRETO DE CREACIÓN</b>	2.424/1.979 de 21-9. B.O.E. de 19-10-1.979

#### 4.1.2. Número de unidades e tipoloxía.

- Somos un Colexio Rural de titularidade Pública, e polo tanto gratuíto, dependente da Consellería de Educación, que atende a niveis de Educación Infantil e Educación Primaria, cun total de 9 unidades catalogadas: 3 Educación Infantil e 6 de Educación Primaria.

#### 4.1.3. Horario do Centro.

- O horario das clases é de 9:00 a 14:00. A pausa recreo realízase de 11:30 a 12:00. De 12:00 a 12:20 será o momento de ler nas diferentes aulas.
- Os/as alumnos/as de educación infantil terán ademais outros descansos, de acordo coas súas necesidades.
- O profesorado permanece no centro todos os días ata as 14:15. Os martes pola tarde, tamén de 16:00 a 18:30. Nese tempo os/as profesores/as dedícanse preferentemente a levar a cabo actividades propias dos departamentos, reunións dos equipos docentes, e comisións de traballo, preparación de clases e actividades, corrección de exercicios, etc..
- O horario de atención a pais/nais será os martes de 17:30 a 18:30 ou, no seu lugar, noutros momentos de liberación horaria do profesorado e sempre con cita previa.

#### 4.1.4. Transporte Escolar.

- O transporte escolar depende da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, sendo este gratuito.
- Terá dereito o alumnado que teña o seu enderezo a máis de 2Km do colexio e dentro da parroquia de vincios.
- Para manter a condición de usuario lexítimo, é necesario que se faga un uso continuado do transporte escolar, entendido este como o uso repetitivo del en días fixos da totalidade das semanas do curso. Os usuarios lexítimos de transporte escolar que non fagan uso do transporte escolar de xeito continuado perderán dita condición.
- Ten dúas rutas distintas e está encomendado á empresa Autos Grova.
- Para o transporte escolar hai dous autobuses contando cada un deles cunha coidadora que velará polo coidado do alumnado.
- O servizo de transporte funciona pola mañá chegando ao centro sobre as 08:40 e marchará ás 14:05. Tamén recolle aos alumnos/as pola tarde despois do funcionamento do comedor escolar, facéndose cargo deste servizo a ANPA en colaboración coa Comunidade de Montes de Vincios.
- O Equipo Directivo, xunto co profesorado, coordinará e organizará a recepción do alumnado usuario de transporte escolar, desde a chegada dos autocares ata a hora de entrada nas aulas.

#### 4.1.5. Comedor e Aula Matinal.

- O comedor é xestionado polo Concello de Gondomar mediante un convenio de colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria nos catro centros de ensino público non universitario do Concello e contando sempre coa colaboración do centro. O concello contratará o servizo de catering e de persoal monitor/coidador. O horario do comedor é de 14:00 a 16:30 e para a atención deste servizo, cóntase con dúas coidadoras. Para os alumnos/as transportados do comedor poderá saír un autobús ou un taxi ás 15:30, para repartilos polas diferentes paradas, sempre que se conte cunha subvención da Comunidade de Montes de Vincios,

- A aula matinal é xestionada pola ANPA, contando tamén coa colaboración do centro. O seu horario é de 07:30 a 09:00. Ten como obxectivo facilitar aos pais/nais do alumnado do CEIP Serra Vincios a conciliación da vida persoal, laboral e familiar atendendo ao alumnado e contando cunha coidadora dunha empresa externa. O horario da aula matinal é de 07:30 a 9:00.

#### 4.1.6. Actividades Complementarias e Extraescolares

- Como actividades complementarias enténdese aquelas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen un carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan (visitas, traballos de campo, viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes).
- O centro organiza e programa dentro do horario escolar as distintas actividades complementarias que realizan os alumnos/as durante o ano escolar: visitas, actividades pedagóxicas, recreativas, festivais, competicións deportivas, etc.
- Teñen carácter de extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobado polo consello escolar, se realizan fóra do horario lectivo. A participación nelas será voluntaria.
- A ANPA organiza as actividades extraescolares das tardes en colaboración co equipo directivo: informática, tenis de mesa, piscina, baile, tiro con arco, manualidades, etc. en horario de 16:00h. a 18:00h. contando cun profesor de garda que representa ao centro nesa franxa horaria.
- O equipo de actividades complementarias e extraescolares encargarase de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades. A coordinadora ou coordinador deste equipo actuará en estreita colaboración co equipo directivo.
- Para o desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares que se realicen fóra da localidade onde está situado o centro, deberase contar cos seguintes requisitos:
  - a. Aprobación do consello escolar (Figuran na Programación Xeral Anual).
  - b. Autorización escrita dos pais ou titor legal (A principio de curso).
  - c. Os alumnos e alumnas serán acompañados polo profesorado correspondente na proporción dun profesor ou profesora por cada vintecinco alumnos/as.
- As actividades complementarias deséñanse a principio de curso, no marco da PXA, e xiran en torno ás diversas celebracións do ano: Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas, Fin de curso.

#### 4.2. Elementos materiais.

O Colexio data do ano 1979 e consta dun edificio, dun anexo de pista cuberta e de zona exterior de 10.000 m<sup>2</sup>. É de planta cadrada cun patio de luces central e catro portas metálicas de acceso de dúas follas que abren cara fóra (dúas por diante e dúas por detrás).

O edificio está formado de planta baixa, 1ª planta e 2ª planta e o acceso aos pisos superiores faise por dúas escaleiras situadas ás dúas beiras do patio interior central.

En cada planta hai baño para nenas, outro para nenos, e para o profesorado.

Existen extintores de incendios convenientemente revisados: tres por planta, dous na caldeira e un na sala de usos múltiples. Igualmente hai luces de emerxencia.

Na sala de profesores e no cuarto da coidadora hai un botiquín con equipamento básico para atender primeiras urxencias.

### EDIFICIO:

#### *PLANTA BAIXA:*

- Sala de Dirección, Xefatura de Estudos e Secretaría.
- Sala do Departamento de Orientación.
- Cuarto para gardar material de xogos para o recreo de E.I. (baixo escaleiras).
- Sala de usos múltiples.
- Comedor.
- Sala de material de psicomotricidade.
- Saída ao patio cuberto.
- Baños dos alumnos/as.
- Cuarto de limpeza.
- Salas do conserxe e de ferramentas, tamén onde están os depósitos de gasoil para calefacción (antiga vivenda do conserxe).
- Sala da coidadora.
- Baño do profesorado.
- Cuarto para gardar material escolar.
- Local da ANPA.

#### *PRIMEIRA PLANTA:*

- Sala de profesores.
- Aula de Pedagogía Terapéutica.
- Aula de Audición e Linguaxe.
- 3 aulas de Educación Infantil.
- 1 aula de Educación Primaria.
- Biblioteca.
- 1 aula de Relixión.
- Baños dos alumnos/as e do profesorado.
- Taller de cociña.

#### *SEGUNDA PLANTA:*

- 1 aula de Inglés.
- 1 aula de Música.
- 1 aula de Audiovisuais.
- 1 aula de informática.
- Baños dos alumnos/as e do profesorado.
- 5 aulas de Educación Primaria.
- 1 taller de plástica e/ou usos múltiples.

A distribución de aulas e espazos determínase a principio de cada curso, tendo en conta criterios de proximidade de ciclos, cando é posible, e de continuidade na mesma aula por parte do grupo cando non cambia de ciclo. A decisión que se adopte, figura na Programación Xeral Anual de cada curso.

### PATIO CUBERTO:

Lugar de entrada e saída do alumnado, onde se realiza o recreo de Primaria cando chove e tamén onde se desenvolven as sesións de educación física. Ten moitas columnas e conta con 3 vestiarios e sala de material. Neste patio atópase a sala de caldeiras.

### ZONA EXTERIOR:

Polo que se refire ás instalacións exteriores, temos un aparcadoiro para os profesores/as. O centro dispón de 2 pistas ao aire libre cementadas, 1 zona de xogos para o recreo de Educación Infantil e zona axardinada en todo o recinto valado con tela metálica e portal de entrada ao Colexio. Tamén temos un horto escolar que conta cun invernadeiro para traballar co alumnado.

### DOTACIÓN DE MEDIOS:

En xeral o centro está ben dotado en canto a material didáctico, medios audiovisuais e informáticos. Precisamos renovar o material mobiliario (mesas, cadeiras, armarios,...), conseguir algúns equipos informáticos máis modernos sobre todo para a aula de informática e encerados dixitais para máis aulas.

Conta con biblioteca ben dotada, aula de informática, ordenadores con acceso WI-FI a internet en todas as aulas pero con escasa velocidade de datos, aula de música ben equipada e zona administrativa suficiente.

As achegas económicas son as establecidas para este tipo de centros pola administración educativa. Ademais o colexio, a través dos diferentes equipos, solicita axudas a organismos oficiais para proxectos determinados: Voz Natura, repartición de froita fresca ao alumnado, Normalización Lingüística, Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares, Plan Proxecta-Xogade, etc.

En ocasións recibíronse axudas económicas da ANPA ou da Comunidade de Montes destinadas á realización de actividades.

O Concello atende as necesidades materiais de conservación e mantemento do centro, xeralmente con boa dilixencia.

O centro recibe asignación para atender aos desprazamentos do profesorado itinerante.

No seu momento realízanse os orzamentos de ingresos e gastos e a xustificación documental destes, coa conseguinte aprobación polo consello escolar. Destaca o inconveniente de que os aspectos da xestión económica son por ano natural co cal resulta moi difícil a planificación e/ou execución por ano escolar.

### NECESIDADES INMEDIATAS:

- Pechar o recinto do centro cun portal exterior automático e colocación de videoporteiros. Sanear a zona exterior do centro para que o alumnado acceda seguro ao colexio. A obra está solicitada ao Concello de Gondomar. É prioritario.
- Cambio das ventás de todo o centro. Estamos cambiándoas ano tras ano segundo as achegas económicas por parte da Consellería. O proceso é lento porque as cantidades recibidas son moi pequenas.

- Cambio de todos os falsos teitos do centro xa que son moi vellos e as planchas caen continuamente e o aspecto é precario.
- O comedor é moi pequeno para o número de comensais. Necesitamos amplialo.
- Cambio dos sanitarios e plaquetas dos baños do centro.
- O gran inconveniente é á hora de desenvolver as sesións de educación física no patio cuberto nos días de chuvia, non é o lugar apropiado polo insán que é. Necesitaríamos un pavillón ou ximnasio amplo.
- Os vestiarios tamén son moi pequenos para a ducha nas sesións de educación física. Urxe a necesidade de amplialos.
- Alisar pistas deportivas.

### **4.3. Elementos humanos.**

#### **PERSOAL DOCENTE:**

O centro está catalogado con 9 unidades, 3 de Educación Infantil e 6 de Educación Primaria. Son 16 postos de traballo que están repartidos da seguinte forma:

<b>Posto de Traballo</b>	<b>Nº Profesores/as</b>
Educación Infantil	4
Educación Primaria	5
Filoloxía Inglesa	1
Filoloxía Francesa	1
Educación Musical	1
Educación Física	1
Pedagogía Terapéutica	1
Orientación	1
Relixión	1
	16

A situación actual do profesorado é estable, sendo a maioría definitivos no centro. As perspectivas do profesorado definitivo son de permanencia no centro a medio-longo prazo.

A meirande parte do profesorado reside no concello de Vigo e na comarca do Val Miñor. Destacamos a a capacitación profesional, a implicación nas diferentes actividades do centro e a formación como rasgo destacado do persoal docente deste centro.

Todo o profesorado do centro deberá desenvolver o seu traballo en equipo, co fin de garantir a necesaria unidade e coordinación da acción educativa.

#### **PERSOAL NON DOCENTE:**

Contamos co seguinte persoal:

- 1 conserxe dependente do Concello de Gondomar. Ocupase da vixilancia, apertura e peche do centro e algunhas funcións de mantemento; depende do Concello ben sexa contratado, ben sexa funcionario.
- 1 coidador/a mentres haxa necesidades educativas especiais.

- O persoal de limpeza que pertence a unha empresa privada contratada polo Concello.

### ALUMNADO:

O colexio escolariza ao alumnado da nosa área de influencia que é a Parroquia de Vincios. Nos últimos anos estanse matriculando alumnos/as de parroquias limítrofes do Concello de Gondomar como Vilaza, Gondomar e Morgadáns, ao dispoñer de prazas vacantes.

Socioloxicamente o alumnado pertence, na súa maioría, a familias da clase traballadora con poucos recursos. Os postos de traballo habituais nos homes son os propios das industrias de Vigo e empresas da zona do Val Miñor, destacando os da construción. Entre as mulleres é normal o traballo como empregadas do fogar, limpeza, dependentas de comercio..., cando non o traballo na casa que adoita levar, en moitos casos, traballo no campo.

A maior parte do alumnado escolarízase, ao rematar a Primaria, no IES Terra de Turonio de Gondomar para cursar ESO.

A convivencia no centro é boa e non existen problemas especiais co alumnado. O alumnado-tipo é un rapaz/a de parroquia rural, fillo de traballadores, non é un alumnado problemático e o seu comportamento é o típico das rapazas e rapaces da súa idade.

Na actualidade non temos grupos moi masificados contando habitualmente con 170 alumnos/as.

### NAIS e PAIS:

En xeral, o nivel cultural das familias é medio-baixo ou baixo con baixo nivel de estudos nos pais e nais.

Na súa maioría pertencen ao sector de traballadores ou empregados. Na actual situación de crise económica, o número de persoas desempregadas ten aumentado.

A relación dos pais e nais co centro é boa, con asistencia maioritaria ás xuntanzas de clase e contactos fluídos co profesorado, ademais de participar en algunhas actividades que se lles propón como contacontos, cociña, horto,...

Os pais/nais do alumnado do centro que voluntariamente o desexan agrúpanse na Asociación de Nais e Pais Santa Mariña do CEIP Serra Vincios e réxese polos seus estatutos correspondentes.

Colaboran co centro na realización de actividades educativas complementarias de carácter artístico, musical, lúdico-recreativas, así como a potenciación de aspectos do folclore e actos de carácter formativo. Ademais colaboran en festas e actos (Nadal, Entroido, Letras Galegas,...) e organiza as actividades Extraescolares das tardes para ofertar aos seus fillos/as, entre elas, tenis de mesa, patinaxe, baile, informática, manualidades, etc.

A asociación conta con un representante no Consello Escolar do centro.

A ANPA suele atopar a colaboración que precisa nas súas iniciativas por parte dos pais, nais e profesorado. A maioría das familias son afiliadas polas ventaxes que ofrecen á hora de subvencionar actividades. As diferentes directivas foron funcionando con eficacia, conseguindo melloras que repercuten en todo o alumnado. A relación coa dirección do centro foi sempre de estreita colaboración e a vontade de continuidade desta característica queda recollida no presente PEC.



#### **4.4. Linguas do Centro.**

Respectando a lexislación e normativas vixentes recoñécese o dereito de cada membro da Comunidade Escolar a utilizar calquera das linguas oficiais.

Xa que a lingua vehicular maioritaria da nosa comunidade educativa é o galego, traballaremos na procura de integrar a toda a Comunidade Educativa no contorno e na realidade galega. No plano administrativo e no ensino fomentaremos esa lingua pero empregárase o castelán naquelas áreas que determina a normativa vixente.

A lingua inglesa será impartida segundo a lexislación vixente en E.I e en E.P. Coa implantación no novo currículo nesta etapa educativa, impartirase nas condicións fixadas pola Administración.

### **5. QUE PRETENDEMOS?**

#### **5.1. Fins e Principios Educativos.**

Un dos principios en que se inspira o Sistema Educativo Español é a transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación. Prevese tamén como fin a preparación para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento, a garantía de igualdade de oportunidades, a colaboración e o esforzo compartido de todas as persoas compoñentes da comunidade educativa, o fomento do traballo en equipo, a non discriminación e a transparencia.

Os principios pedagóxicos que van a rexer a actuación do noso Colexio e que están dirixidos a conseguir nas aulas un clima de respecto, colaboración e aprendizaxe entre iguais, son:

- COEDUCACIÓN.
- IGUALDADE.
- LIBERDADE PERSOAL E RESPONSABILIDADE.
- FORMACIÓN EN VALORES DEMOCRÁTICOS.
- SOLIDARIEDADE.
- COOPERACIÓN.
- TOLERANCIA E RESPETO.
- ESPÍRITU DE SUPERACIÓN.
- TRABALLO PERSOAL E TRABALLO EN EQUIPO.
- TRANSPARENCIA.

Os fins educativos que debemos conseguir no proceso educativo son:

- Concibiremos a escola como un servizo público, xa que é a mellor forma de que se garanta o dereito á educación a todos os cidadáns.

- Como centro público somos aconfesionais polo que a escola como tal non adoitará posicións relixiosas ou ateas senón de total respecto cara as crenzas de cada persoa.
- A escola debe ser, e así é, ideoloxicamente pluralista nas súas vertentes política e relixiosa. Por elo tentará dar ao neno as informacións o máis “obxectivas” posible para que progresivamente se forme os seus propios criterios e poida tomar nun futuro decisións responsables.
- A práctica educativa fundamentarase en principios psicolóxicos, pedagóxicos e sociais que procuren a formación integral dos alumnos/as.
- A escola formulará intencionalmente o desenvolvemento de todos os valores democráticos e de convivencia que procuren un modelo ético de educación.
- A escola estará integrada pola comunidade escolar (profesores/as, pais/nais e alumnos/as), e na súa xestión, organización e execución participarán e se corresponsabilizarán todos os seus compoñentes. O traballo en equipo será fundamental para acadar os obxectivos entre todos os membros da comunidade educativa.
- A actividade educativa estará orientada cara a coeducación, entendida como unha educación para a igualdade. Queremos unha escola integradora e democrática, na que se evite calquera tipo de segregación. Acadar unha escola que persiga unha xestión autónoma, participativa e democrática.
- Fronte a competitividade, a escola perseguirá a eficiencia da acción educativa, planificando con antelación, e procurando os recursos necesarios e máis axeitados para compensar as desigualdades de orixe.
- Estimularase a solidariedade, a tolerancia e actitude de diálogo e non violencia, o respecto aos dereitos humanos sen discriminación por razón de raza, sexo, clase social, relixión, cultura...

## **5.2. Intencións educativas.**

Á vista da realidade social e cultural descrita, chegamos á conclusión de que se queremos ir a máis na calidade educativa que ofrece o centro, intentaremos concentrar os nosos esforzos nunha mellora na educación. Deberemos incidir sobre as seguintes intencións educativas:

- O respecto cara aos demais intentando reducir a agresividade entre os alumnos/as, tanto dende o puntos de vista físico como verbal.
- Aprender a escoitar.
- A educación medioambiental como a necesidade de coñecer a influencia do ser humano no seu entorno e así valorar a necesidade de manter o noso planeta sen contaminación.
- Mellorar no alumnado algúns hábitos de hixiene, de alimentación e consumo e tamén de hábitos de limpeza e orde nos seus traballos.
- Adquirir unha maior responsabilidade na realización de tarefas escolares e na organización do estudo.
- Valorarse como persoas, que adquiran unha alta autoestima.
- Facer uso do tempo de lecer para que sexa cada vez máis enriquecedor para unha boa formación da súa personalidade e que a maior parte dos alumnos/as participen en actividades deportivas, lecturas, traballos en equipo...

- A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a responsabilidade, a solidariedade, a tolerancia, a equidade, que garante a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación.

O exposto, lévanos á idea de que todo isto só é posible se na Comunidade Educativa existe un clima de diálogo, participación e traballo coordinado e en equipo.

### **5.3. Obxectivos Xerais do Centro.**

Dividiremos os obxectivos en tres ámbitos diferenciadores:

#### **ÁMBITO PEDAGÓXICO:**

- Promover o desenvolvemento integral da persoa favorecendo o proceso de identidade.
- Favorecer procesos de aprendizaxe significativo, para que o alumnado "aprenda a aprender".
- Dotar ao alumnado de capacidades para lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos (adquisición das competencias clave).
- Interrelacionar os diferentes contidos curriculares para que o noso alumnado adquira un grao de desenvolvemento axeitado.
- Aproveitar ao máximo o emprego das novas tecnoloxías da información e da comunicación para a aprendizaxe do alumnado como recurso didáctico para integralas como ferramenta indispensable na demanda da sociedade actual.
- Promover hábitos de lectura no alumnado, sobre todo a través do uso da biblioteca catalogada como motor cultural e espazo aberto á Comunidade Educativa do colexio.
- Deseñar e participar en plans, programas ou proxectos que propicien a innovación educativa.
- Empregar maioritariamente o galego como lingua vehicular na nosa comunidade educativa. O ensino darase fundamentalmente nesa lingua. Empregarase o castelán naquelas áreas que determina a normativa vixente.
- Educar aos alumnos/as de xeito que, a través das vivencias cotiás, vaian descubrindo os principais valores democráticos e de convivencia contidos na Constitución, comprometéndose con eles responsablemente.
- Atender a diversidade do alumnado establecendo medidas de apoio e propostas de mellora.
- Basear a actividade didáctica na procura dun ensino comprensivo, centrado nos procesos de aprendizaxe; que ofrezca a todos os alumnos/as a oportunidade de aprender a pensar. Para iso planificarase un sistema de atención á diversidade que contemple as características e diferenzas que presentan os alumnos/as.
- Acadar a convivencia nun contexto plural, evitando as desigualdades sociais e calquera tipo de discriminación por razóns de sexo, raza, relixión, ideoloxía, capacidades intelectuais ou recursos socio-económicos e adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan.

- Ir formando entre o alumnado unha actitude solidaria e de apoio mutuo, fomentando a colaboración e interacción entre grupos de alumnos/as, do mesmo ou distinto nivel, naquelas actividades educativas que o permitan.
- Empregar unha metodoloxía que favoreza a participación activa de todos os alumnos/as, dentro das súas posibilidades, de xeito que se sintan motivados/as polas novas aprendizaxes e interesados pola funcionalidade das mesmas.
- Ir instalando, mediante a acción educativa, técnicas de traballo intelectual, así como hábitos de esforzo, superación e traballo persoal.
- Acadar unha eficaz transmisión de coñecementos teóricos e prácticos que preserven a herdanza cultural, despertando nos alumnos/as curiosidade e admiración polas achegas que outras persoas, ó longo da historia, fixeron á nosa propia cultura e á da humanidade.
- Desenvolver nos alumnos/as unha boa capacidade de observación, análise crítica, investigación e creación.
- Practicar no contexto escolar unha “cultura da avaliación” mediante todas as experiencias posibles de reflexión e innovación acerca dos diferentes aspectos do proceso avaliativo, referido aos alumnos/as, aos demais compoñentes da comunidade educativa, así como ao proxecto educativo e curricular do centro.
- Integrar a escola no contorno: consideramos fundamental que a escola estea integrada no contorno, valorando positivamente as oportunidades e as colaboracións que nos ofrece, establecendo unha relación de cooperación e respecto mutuo.
- Sensibilizar a toda a Comunidade Educativa, especialmente ao alumnado, da importancia que ten o coidado do medio que nos rodea. Fomentar o traballo do horto do centro de xeito que o alumnado se implique responsable e directamente no seu coidado.
- Elaborar un plan anual de actividades complementarias e extraescolares cunha oferta ampla, para favorecer a formación integral do alumnado e promover as saídas e excursións culturais-recreativas organizadas polo profesorado, pola ANPA, institucións, clubs, etc.
- Potenciar e levar á práctica a participación do alumnado en todas aquelas actividades deportivas promovidas polas distintas entidades competentes na materia, que se estimen axeitadas e de interese para o alumnado, atendendo así a un aspecto moi importante da súa formación integral, canalizando de xeito adecuado parte do seu tempo libre relacionada cunha vida saudable.

#### ÁMBITO INSTITUCIONAL E ADMINISTRATIVO:

- Promover o traballo en equipo, a coordinación docente e a participación de todos os colectivos da Comunidade Escolar, integrándoos na vida do centro e facilitándolle canles de información e participación. A escola promoverá, dentro das canles establecidas, a participación dos pais e nais nas estruturas da Comunidade Educativa, e procurarase a colaboración con eles e elas a todos os niveis.
- Distribuír responsabilidades e funcións a fin de conseguir una xestión verdadeiramente participativa.
- Xestionar de forma consensuada os recursos económicos e materiais do centro.
- Procurar o consenso no posible e adoptar as decisións por maioría como último extremo, en todos os órganos e ámbitos de decisión.

- Organizar adecuadamente os espazos do centro procurando mellorar as súas instalacións, as dotacións de material e de equipamentos para aproveitar ao máximo os recursos dispoñibles.
- Abrir o centro cos seus medios e dependencias, ás demandas sociais e culturais do entorno.
- Manter unha boa relación de colaboración con toda a comunidade educativa e con outras institucións, tanto educativas como sociais, culturais ou laborais.
- Fomentar a formación interna e externa do profesorado do noso centro e a innovación educativa.

#### ÁMBITO HUMANO:

- Crear un bo clima de traballo e relación humanas afectivas no profesorado que repercuta en toda a Comunidade educativa.
- Procurar que o clima de aula permita a interacción e intervención de todos os membros do grupo, procurando que cada alumno/a respecte as intervencións dos demais e garde quenda para participar.
- Establecer un marco de convivencia baseado nas Normas de Organización e Funcionamento (N.O.F.) e no Plan de Convivencia que permita a todos os membros da Comunidade Educativa facer uso dos seu dereito sen esquecer as súas obrigas.
- Velar pola seguridade do noso alumnado, promovendo a súa formación no eido da autoprotección e avaliación de riscos.
- Fomentar a liberdade unida á responsabilidade, o respecto, a orde e o esforzo como eixes fundamentais do proceso educativo.
- Potenciar, estimular e valorar o traballo do profesorado en todas as facetas da tarefa educativa.
- Formar persoas integrais en coñecementos e valores en todos os ámbitos da vida: persoal, familiar e social.
- Tentar que se establezan entre todos os compoñentes da comunidade educativa unhas relacións fluídas gratificantes, así como procurar a satisfacción persoal dos alumnos/as ao longo de todo o proceso educativo, incrementando o seu grao de autonomía, independencia persoal, autoestima e responsabilidade.

#### **5.4. Temática Anual de Centro.**

En cada curso escolar abordaremos unha temática transversal e interdisciplinaria na que estará involucrado todo o profesorado do centro apoiando as distintas actividades que se propoñan. A temática proposta polo claustro aparecerá reflectida na Programación Xeral Anual de cada curso escolar.

Os diferentes equipos do profesorado coordinarán as diferentes accións e actividades para levar a cabo o proxecto. A comunidade educativa poderá participar naquelas actividades que decida o claustro de profesores.

#### **5.5. Obxectivos Xerais da Etapa de Educación Infantil.**

A Educación Infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan:

- a. Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b. Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- c. Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d. Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- e. Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- f. Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g. Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
- h. Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- i. Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

### **5.6 Obxectivos Xerais da Etapa de Educación Primaria.**

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a. Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b. Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c. Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d. Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e. Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f. Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g. Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h. Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i. Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

- j. Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k. Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l. Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m. Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n. Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o. Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

### **5.7. Propostas Metodolóxicas.**

Dado que o PEC é o instrumento que recolle e comunica unha proposta integral para dirixir e orientar coherentemente os procesos de intervención educativa que se desenvolven no centro, cómpre concretar que tipo de tratamento imos adoptar respecto das opcións metodolóxicas da práctica educativa, así como os criterios que teremos en conta para avaliar os procesos e os resultados da nosa intervención pedagóxica.

No proxecto educativo do noso centro, propoñemos un modelo de escola aberto ao cambio e cun currículo flexible:

- A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave na que o alumno/a sera o protagonista da acción educativa. O papel do profesor/a debe ser unha mestura entre guía e mediador, que fomente tanto o traballo individual coma en grupo.
- Intentaremos desenvolver metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.
- A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.
- Adaptaremos o ensino aos diferentes ritmos e capacidades de aprendizaxe, flexibilizando na medida do posible os tempos escolares, coa finalidade de atender á diversidade do alumnado.
- Atender e organizar a diversidade do alumnado establecendo medidas tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe: apoio no grupo ordinario, agrupamentos flexibles ou adaptacións do currículo.
- Favoreceremos o traballo por proxectos, especialmente relevante para a aprendizaxe por competencias. Esta metodoloxía pretende axudarlle ao alumnado a organizar o

- seu pensamento favorecendo nel a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais.
- Procuraremos un ensino globalizado, tratando os contidos das distintas áreas do coñecemento de forma interrelacionada a fin de impulsar a comprensión, a motivación e a funcionalidade das aprendizaxes.
  - Partiremos do convencemento de que toda aprendizaxe debe ser significativa, só a comprensión da realidade permite valorala e tomar opcións ante ela.
  - Os procesos de ensino - aprendizaxe deberán conectar coas necesidades profundas, a experiencia e a vida cotiá do alumnado.
  - O alumnado deberá ter unha actitude favorable para aprender, estar motivado, deberemos espertar o seu interese e curiosidade.
  - Promoveremos unha aprendizaxe funcional, na medida que sexan quen de transferilas e, polo tanto, ser quen de utilizar o aprendido noutras situacións novas.
  - Fomentaremos a aprendizaxe mediante a busca, e dicir, o alumnado deberá buscar solucións a situacións problemáticas.
  - Cada titor/a ou profesor/a poderá asumir con autonomía responsable calquera toma de decisións que considere conveniente para optimizar o proceso educativo de todos os alumnos/as.
  - Entendemos o labor educativo baseado no respecto mutuo, no diálogo e a reflexión.
  - Partiremos dunha avaliación inicial dos contidos que nos permitan axustar o proceso ao diferente nivel dos distintos escolares.
  - Flexibilizaremos tamén a temporalización das Unidades Didácticas para adaptar a aprendizaxe dos contidos aos diferentes ritmos de aprendizaxe.
  - Concibiremos a biblioteca escolar como gran centro de recursos, un espazo dinámico que favoreza a construción do coñecemento e estímulo enriquecedor da actividade na aula. Será a ferramenta que serva de motor para a participación de todo o profesorado en diferentes programas e proxectos comúns. Daremos impulso á súa función como axente de compensación social, e por este motivo terá un horario de apertura tamén fóra do horario escolar.
  - O centro aposta decididamente pola actualización dos seus recursos, en especial os recursos TIC (tecnoloxías da información e da comunicación) como ferramentas integradoras do coñecemento e formadoras da competencia dixital que demandan os novos tempos. A formación e actualización do profesorado é clave neste aspecto, polo que será preciso promovela e fomentala.
  - O centro aposta polo traballo en equipo e a coordinación interna dos seus membros co fin de coordinar as aprendizaxes e contidos cos de outros niveis educativos.
  - Apostamos, tamén, por unha escola aberta, rica en aprendizaxes fóra da aula, valorando positivamente as saídas ao contorno e as saídas culturais que presidirán unha boa parte da formación do noso alumnado. Unha escola integrada no medio que dea e reciba, capaz de relacionarse positivamente con toda a Comunidade (pais, organizacións culturais, Concello...), tratando de aproveitar a maior cantidade dos recursos educativos e humanos que nos ofertan estes medios.
  - Interdisciplinariedade no desenvolvemento dos eixos transversais da educación (Paz, Igualdade de oportunidades, Saúde, Vial, Ambiental, Consumo, Sexual, Moral, Cívica e do Tempo de Lecer).
  - Os contidos estarán extraídos do Currículo de Infantil e Primaria e axeitados á realidade do centro a través das diferentes programacións didácticas.



A avaliación é un elemento substancial do proceso educativo, presente en todas as fases do mesmo e será diversa en cuanto a técnicas e instrumentos: rexistro de actividades, observación sistemática, interpretación obxectiva das probas realizadas, enquisas, etc.

Ademais da adquisición das competencias clave no alumnado, serán obxecto de avaliación: este PEC que se revisará periodicamente e calquera proxecto ou programa educativo que se estea a implementar no centro, xa que os concibimos como instrumentos dinámicos susceptibles de reaxustes.

Será tamén avaliabile a nosa actuación como educadores/as, o funcionamento do propio centro e o de todos os organismos que, dalgún xeito, están en relación con el, para procurar entre todos e todas a optimización do proceso educativo.

Mediante a acción educativa buscarase un equilibrio entre os procesos educativos individualizadores e os socializadores. A escola asume como unha das súas prioridades a educación nos valores de paz e tolerancia. Nos alumnos/as irase formando unha actitude participativa, interactiva, colaboradora, tolerante e solidaria.

Procurarase que vaian construíndo unha convivencia positiva e respectuosa con todos os grupos étnicos e culturais, empezando por valorar e estimar a propia herdanza cultural que, como pobo, recibimos dos nosos antergos. Cómpre que os alumnos/as se fagan conscientes de que serán eles/as, co seu esforzo, afán de superación, traballo persoal e colectivo, os/as que contribuirán a manter e incrementar os propios valores culturais, a desterrar a violencia das súas vidas, respectando os dereitos das persoas e sendo solidarios/as con todos/as.

### **5.8. O Proceso da Avaliación.**

A avaliación non só abarcará ao alumnado, senón a todo o proceso de ensino-aprendizaxe coa periódica revisión das Concrecións Curriculares.

1. A avaliación do alumnado deberá ser continua e global.
2. A avaliación continua estará inmersa no proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado, coa finalidade de detectar as dificultades no momento en que se producen, analizar as causas e deste xeito, adoptar as medidas necesarias que permitan ao alumnado mellorar o seu proceso de aprendizaxe e garantir a adquisición das competencias claves para continuar o proceso educativo. A avaliación continua terá un carácter formativo e orientador do proceso educativo, e a avaliación final un carácter sumativo. A avaliación continua debe proporcionar unha información constante que permita mellorar tanto os procesos de ensino e aprendizaxe como os resultados da intervención educativa e a avaliación final debe permitir determinar en que grado foron alcanzados os obxectivos propostos e as correspondentes competencias clave. A avaliación continua das aprendizaxes do alumnado terá como referente os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis establecidos para cada un dos cursos e para todas as áreas. A avaliación continua será levada a cabo polo equipo docente coordinado polo titor/a do grupo.
3. A avaliación global referirase ás competencias clave e aos obxectivos da etapa e a aprendizaxe do alumnado no conxunto das áreas da etapa.
4. A avaliación será realizada polo equipo docente de cada grupo de alumnos, coordinados polo mestre titor e poderán contar co asesoramento do orientador do centro.

5. O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado e os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, como a Proposta curricular e as programacións didácticas.
6. A avaliación do alumnado con necesidades educativas especiais, terá como referente os criterios de avaliación establecidos nas propias adaptacións curriculares significativas.
7. Ao comezo de cada un dos cursos da etapa da Educación Primaria, os equipos docentes levarán a cabo unha avaliación inicial do alumnado. Dita avaliación completárase coa análise dos datos e informacións recibidas do titor/a do curso anterior. A avaliación inicial permitirá que o equipo docente adopte decisións en relación coa elaboración, revisión e modificación das Programacións didácticas, para a súa adecuación ás características e coñecementos do alumnado. O equipo docente, analizados os resultados da avaliación inicial, adoptará tamén as medidas pertinentes de reforzo e de recuperación para aqueles alumnos/as que o precisen. As principais decisións adoptadas serán recollidas na acta da sesión da avaliación inicial do curso.
8. Ao final de cada curso o equipo docente levará a cabo a avaliación final dos resultados alcanzados polos alumnos/as do grupo. A valoración dos resultados consignarase nos documentos de avaliación coas cualificacións, tanto positivas como negativas. O equipo docente deberá adoptar as medidas para que o cambio de curso se leve a cabo coas necesarias garantías de continuidade. As principais decisións e acordos adoptados serán recolleitos no acta da sesión da avaliación final de curso. Cando as áreas non aprobadas nalgún dos cursos sexan superadas en cursos posteriores, consideránsense recuperadas e este dato consignarase nos diferentes documentos oficiais de avaliación.
9. As sesións de avaliación: Corresponde ás titorías a coordinación das sesións de avaliación, nas que participará o equipo de profesorado que imparte clase ao seu grupo, baixo a presidencia da xefatura de estudos e coa asistencia e asesoramento do departamento de orientación para valorar tanto a aprendizaxe do alumnado en relación co logro das competencias clave e dos obxectivos da etapa, como a información procedente das familias e o desenvolvemento da súa propia práctica docente, e adoptar as medidas pertinentes para a súa mellora. As sesións deberán celebrarse antes do Nadal, Semana Santa e final de curso, coincidindo co final de cada trimestre. Os acordos dos equipos de avaliación serán tomados de maneira colexiada. Previamente a estas sesións de avaliación, o profesorado terá feito un seguimento individualizado de cada nena ou neno e comunicado as posibles incidencias nas que teñan que intervir a familia, a xefatura de estudos ou o departamento de orientación ás partes implicadas. Non é obxectivo destas sesións a relación pormenorizada das cualificacións individuais en cada materia, senón a exposición en grupo dos problemas, dificultades, logros, etc., así como de calquera circunstancia que poida ser relevante desde o punto de vista académico, afectivo ou de relacións. O equipo docente actuará de xeito colexiada na adopción das decisións xerais resultantes de devandito proceso. As decisións que se adopten tomaranse por consenso e no caso de non producirse este, adoptaranse de acordo co criterio do mestre titor/a. De cada unha das sesións de avaliación levantarase un acta. Nela faranse constar as valoracións e conclusións sobre o nivel de rendemento do grupo e dos seus alumnos e os acordos adoptados en relación co grupo ou en relación cos alumnos/as. Deberase facer un seguimento das medidas organizativas e curriculares adoptadas na sesión ou sesións anteriores e decidiranse as novas medidas que se

consideren pertinentes. Deberase comunicar a pais, nais e titores legais o resultado da avaliación e as posibles medidas adoptadas de reforzo e apoio, no seu caso. O profesorado especialista introducirá as cualificacións da súa área na aplicación XADE, correspondéndolle as titorías a introdución das súas materias e a supervisión de todo, así como a constatación das faltas de asistencia do alumnado. A xefatura de estudos supervisará todo o proceso.

10. **Promoción:** de acordo co artigo 11 do Real Decreto 126/2014, de 28 de febreiro, o alumno ou alumna accederá ao curso ou etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos da etapa ou os que correspondan ao curso realizado, e que alcanzou o grado de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación. Atenderase especialmente aos resultados das avaliacións individualizadas de terceiro curso de Educación Primaria e final da Educación Primaria. A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto de medidas ordinarias de reforzo e apoio para liquidar as dificultades de aprendizaxe do alumno. O titor ou titora deberá acreditar a adopción e realización destas medidas. O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado, tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesor titor, así como o resultado da avaliación final de cada curso e as avaliacións individualizadas. Antes de adoptar a decisión de non promoción, o titor/a oirá aos pais, nais ou titores legais do alumno/a en cuestión.
11. Os centros docentes realizarán unha avaliación individualizada a todos os alumnos e alumnas ao finalizar o terceiro curso de Educación Primaria, segundo dispoña a Consellería de Educación, na que se comprobará o grao de dominio das destrezas, capacidades e habilidades en expresión e comprensión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas en relación co grado de adquisición da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática. De resultar desfavorable esta avaliación, o equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis adecuadas. O titor ou titora, ao final do curso, tendo en conta os resultados dos procesos de avaliación interna e os resultados da avaliación individualizada, deberá entregar ás familias un consello orientador no que se lles informe do grao de logro dos obxectivos e de adquisición das competencias correspondentes, das posibles medidas a adoptar e das formas da súa colaboración para paliar as posibles dificultades de aprendizaxe atopadas.
12. A Consellería de Educación realizará unha avaliación individualizada a todos os alumnos e alumnas de sexto curso de Educación Primaria, na que se comprobará o grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, así como o logro dos obxectivos da etapa. O resultado da avaliación expresarase en niveis. O nivel obtido por cada alumno ou alumna farase constar nun informe, que será entregado aos pais, nais ou titores legais e que terá carácter informativo e orientador para os centros nos que os alumnos e alumnas haxan cursado sexto curso de Educación Primaria e para aqueles nos que cursen o seguinte curso escolar, así como para os equipos docentes. A Consellería de Educación poderá establecer plans específicos de mellora naqueles centros públicos cuxos resultados sexan inferiores aos valores que, a tal obxecto, establecéronse. Os centros docentes deberán analizar os resultados obtidos nesta avaliación e adoptar aquelas posibles medidas na súa Proposta pedagóxica e nos procesos de ensino que melloren os resultados obtidos.

13. A avaliación dos procesos de ensino e da práctica docente deberá incluír, polo menos, os seguintes aspectos: a) Funcionamento dos órganos de coordinación didáctica. b) Relacións entre profesorado e alumnado. c) Ambiente e clima de traballo nas aulas. d) Organización do aula e aproveitamento dos recursos. e) Colaboración cos pais, nais ou titores legais e cos servizos de apoio educativo.
14. A avaliación da Proposta curricular deberá incluír, polo menos, os seguintes aspectos: a) Adecuación ás características do alumnado. b) Adecuación ao logro dos obxectivos da etapa. c) Grado de desenvolvemento das competencias clave, integradas nos elementos curriculares. d) Adecuación dos principios metodolóxicos nos que se basea a acción docente. e) Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación adoptados a nivel de etapa. f) Pertinencia das medidas curriculares e organizativas do Plan de atención á diversidade. g) Validez dos criterios de promoción. h) Eficiencia do Plan de Lectura. i) Eficiencia do Plan de Tecnoloxías da Información e a Comunicación. j) Idoneidade dos materiais e recursos didácticos utilizados na etapa. A avaliación da Programacións didácticas deberá incluír, polo menos, os seguintes aspectos: a) Secuencia e temporalización dos contidos. b) Perfís das competencias clave. c) Estratexias e instrumentos de avaliación. d) Recursos e materiais didácticos

## **6. FORMAS DE COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN ENTRE OS DISTINTOS SECTORES DA COMUNIDADE.**

### COAS FAMILIAS:

A educación é unha tarefa compartida entre a familia e a escola e, tendo os pais e nais a responsabilidade da educación dos seus fillos/as e, polo tanto, a obriga de participar de forma activa na acción educativa, conduce a que pais e nais deban completar este proceso na casa. Os pais e nais son un elemento esencial na organización escolar. É importante a súa presenza e colaboración.

O órgano de participación das nais/pais/titores na vida recreativa, cultural, etc. do centro é a Asociación de Nais/Pais Santa Mariña de Vincios. Resulta importantísimo o establecemento dunha relación fluída entre o equipo docente e a ANPA. Estará representada no Consello Escolar por un membro designado pola directiva que transmitirá as suxestións da Asociación ao tempo que informa a esta das decisións tomadas no Consello. A ANPA tamén promove unha serie de actividades de carácter cultural e deportivo colaborando o centro na supervisión delas.

Para potenciar a relación coas familias, intentaremos levar a cabo:

- Favorecer a participación dos membros do Consello Escolar como representantes lexítimos que son dos distintos sectores da comunidade educativa do centro. Catro representantes das nais e pais son membros do consello escolar.
- Propiciar a comunicación, directa ou indirectamente, cos pais/nais dos alumnos/as co fin de facelos partícipes dos intereses e necesidades do centro, de modo que cheguen a asumir que as normas de organización establecidas na escola non son alleas e eles, senón o produto da estreita colaboración e adopción de medidas do conxunto da comunidade educativa.

- Establecer e manter relacións de diálogo, coordinación e participación coa Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as, Santa Mariña de Vincios.
- No mes de setembro envíase un boletín informativo de principio de curso a todas as familias do noso alumnado, con información de horarios, normas...
- Trimestralmente celebraranse xuntanzas do profesorado cos pais e nais do alumnado (en grupo) para conseguir a máxima colaboración no proceso de educación dos seus fillos/as. Permitirá un achegamento mutuo entre as familias e os educadores. O número de xuntanzas determínase cada ano na P.X.A.
- Facilitar o uso das instalacións do centro para a realización de actividades organizadas pola ANPA, pola Asociación de Veciños, Centro Cultural, Banda de música, Comunidade de Montes, etc. O obxectivo será abrir o centro a toda a comunidade educativa e a parroquia de Vincios.
- Uso da axenda escolar como medio habitual e diario de comunicación entre o profesorado e as familias.
- Envío de circulares a pais/nais/titores de alumnos/as con información puntual de asuntos do seu interese.
- Manter a páxina Web do colexio actualizada como canle de comunicación e publicar a revista anual do colexio para enviar ás familias.
- Ademais do envío obrigado aos pais/nais/titores do boletín de cualificación trimestral, comunicación puntual, telefónica ou escrita, de calquera asunto de interese relacionado co proceso de ensinanza e aprendizaxe dos seus fillos/as.
- Informar de cuestións importantes do centro: PEC, NOF, Programacións e obxectivos a acadar, dar suxestións que permitan axudar aos seus fillos e fillas, presentar o equipo de profesores que inciden no proceso educativo do grupo de alumnos e alumnas, explicar os aspectos xerais do centro, actividades que realizan ao longo da xornada escolar, tempos: de rutina (entradas e saídas), tempos de lecer, tempos de actividade, como se distribúe o espazo físico do centro: aulas, informática, instalacións deportivas e lúdicas, música, biblioteca, usos múltiples, etc.), materiais e medios dos que dispón o centro, servizos complementarios, saídas, festas e celebracións, actividades complementarias e extraescolares, solicitar a súa colaboración para tratar de conseguir a mellora do alumno/a: hábitos de traballo, estudo, atención orde, limpeza, etc., prevención das dificultades de aprendizaxe.
- Realizar actividades específicas e puntuais como contacontos para o alumnado coa intervención dalgún pai/nai/titor.
- Entrada dos pais/nais/titores no Festival das Letras Galegas e no Entroido para ver as actuacións dos seus fillos/as ou a determinadas exposicións que haxa no colexio.
- Fomentar e organizar charlas no centro de docentes expertos nunha materia de interese para a comunidade educativa.
- Atención aos pais/nais/titores por parte dos mestres/as titores/as dunha hora semanal todos os martes lectivos, de 17:30h. a 18:30 h., facilitando a posibilidade de entrevista noutro horario en función das necesidades de ambas partes. Estas entrevistas terán lugar, ben a demanda do profesorado, ben por solicitude dos pais e nais previa cita.
- Atención aos pais/nais/titores por parte do orientador/a concertando cita previa.
- Atención aos pais/nais/titores por parte do equipo directivo todos os días de 12:00h. a 14:00h. facilitando tamén a posibilidade de entrevista noutro horario en función das necesidades de ambas partes.

### COA COMUNIDADE:

- Manteranse xuntanzas cos direccións doutros centros do concello e da comarca do Val Miñor para tratar asuntos comúns (obras, festas, actividades, problemas...)
- Colaborarase co IES Terra de Turonio, onde remata o ensino obrigatorio do noso alumnado. O alumnado de 6º de Educación Primaria visitará no mes de xuño en horario lectivo o IES Terra de Turonio. Esta actividade consiste nunha charla por parte do profesorado do instituto, percorrido polas instalacións e merenda.
- Facilitar o uso das instalacións do centro para a realización de actividades organizadas pola ANPA, pola Asociación de Veciños, Centro Cultural, Banda de música, Comunidade de Montes, etc. O obxectivo será abrir o centro a toda a comunidade educativa e a parroquia de Vincios.

### CO CONCELLO:

- Un representante elixido polo concello formará parte do Consello Escolar.
- Comunicacions e entrevistas para a cobertura das necesidades do colexio que os concellos deben asumir (luz, auga, calefacción) e as reparacións e/ou melloras que se consideren oportunas, tanto no propio recinto escolar como nos seus accesos e contorno.
- Participación en actividades culturais organizadas polo Concello.
- Colaboración cos servizos municipais nas actividades desenvolvidas de cara á poboación infantil: Educación vial, consumo, prevención de drogodependencias, escolas deportivas municipais ...
- Coordinación, colaboración e comunicación cos Servizos Sociais Municipais.
- Favorecer a relación coas institucións de tipo social existentes na vila e co Concello de Gondomar.

## **7. AVALIACIÓN E REVISIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO.**

Este Proxecto Educativo de Centro elabórase coa intención de servir de marco de referencia para as diferentes actuacións de todas as persoas membros desta comunidade educativa, cada quen segundo o seu ámbito de actuación e responsabilidades. O seu coñecemento por parte dos sectores é fundamental, así como a súa participación na constante actualización deste documento.

Para a avaliación deste proxecto educativo teranse en conta os seguintes procedementos:

O seguimento e avaliación deste PEC realizarase anualmente a través da Memoria do curso. Cada Órgano do centro fará unha avaliación da súa acción educativa, nesas memorias faranse constar as suxestións relativas ao PEC coa intención de axeitalo e definir as propostas de mellora. Cada dous anos, vistas as suxestións recollidas nas memorias, ou cando sexa necesario por mor de cambios significativos no seo da Comunidade Educativa ou na propia lexislación, a CCP abordará unha revisión deste PEC, solicitando a participación de toda a Comunidade Educativa, a través dos seus representantes no Consello Escolar onde terán que ser aprobadas as modificacións ou novas incorporacións.

O PEC será sometido a reflexión varias veces no curso académico:

- Ao principio do ano escolar, e coincidindo coa elaboración da Programación Xeral Anual.
- Revisión trimestral da PXA, (ao remate de cada avaliación) onde se incluírán as incidencias, novas propostas, posibles modificacións, valoración de resultados, etc.
- Ao finalizar o curso escolar, e coincidindo coa elaboración da Memoria anual:
  - Memoria anual elaborada por cada equipo ou comisión constituído, sobre as súas respectivas programacións. Pasarán a formar parte da memoria de fin de curso.
  - Memoria de fin de curso, elaborada cos resultados de todas as actuacións programadas na PXA do centro para ese curso, onde se indicarán os aspectos que resultaron conflitivos, obxectivos non acadados, motivos, posibles solucións, propostas de mellora para o futuro etc.
- En calquera outro momento en que o requira o Consello Escolar.
- As persoas responsables de cada actuación, dentro do seu ámbito e das súas atribucións, reflexionarán e obterán as conclusións correspondentes. A continuación, realizarán propostas para que sexan corrixidos ou eliminados aqueles aspectos que non obtiveron os resultados agardados.
- Elaboraranse modificacións para introducir no PEC e, loxicamente na PXA do curso inmediato.
- Efectuaranse os procesos e aplicaranse as probas que a administración educativa dispoña con relación á avaliación do centro.
- Como instrumentos utilizaremos: recollida de datos pola observación diaria, recollida de opinións ou entrevistas, elaboración de cuestionarios oportunos para valorar algúns aspectos concretos do PEC, diálogos, debates e reunións, etc.

## **8. DIVULGACIÓN, APLICACIÓN E CAMBIOS NO PEC**

O centro divulgará este documento por diferentes medios entre a comunidade educativa, facilitando o seu coñecemento por parte de todos/as. O presente PEC é de obrigado cumprimento por parte de todos os membros da comunidade escolar deste centro. Faranse as revisións periódicas que se consideren oportunas para adaptar o PEC a novas circunstancias ou a modificación legislativas. Poderanse realizar as modificacións que se consideren necesarias por iniciativa do Equipo Directivo, do Claustro ou do Consello Escolar. Este PEC entrará en vigor ó día seguinte da súa aprobación.

O presente PEC, que obriga a todos os estamentos representados no Consello Escolar do centro, é susceptible de cambio, que se realizará a proposta do Claustro ou do Consello Escolar e unha vez aprobado por ambos.

## **9. NORMAS, PROTOCOLOS, PLANS E PROXECTOS (VER ANEXOS).**

Como anexos a este Proxecto Educativo de Centro constan os seguintes plans e proxectos:

- **NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO - NOF (ANEXO I)**
- **PROXECTO LINGÜÍSTICO (ANEXO II)**

- PLAN DE ACCION TITORIAL - PAT (**ANEXO III**)
- PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN - PITIC (**ANEXO IV**) (**EN RENOVACIÓN**)
- PLAN DE ACOLLIDA AO NOVO PROFESORADO (**ANEXO V**)
- PROXECTO LECTOR (**ANEXO VI**)
- PLAN DE CONVIVENCIA (**ANEXO VII**)
  - Programa de Habilidades Sociais (**ANEXO VII-A**)
  - Protocolo de Acoso Escolar (**ANEXO VII-B**)
  - Protocolo de Condutas Contrarias á Convivencia (**ANEXO VII-C**)
  - Protocolo de Mediación Escolar (**ANEXO VII-D**)
- PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE - PXAD (**ANEXO VIII**)
  - Programa para o Transtorno por Déficit de Atención e Hiperactividade - TDAH (ANEXO VIII-A)
  - Protocolo para o Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo - TEA (ANEXO VIII-B)
  - Protocolo para a Atención Educativa do Alumnado coa Síndrome de Down e/ou Discapacidade Intelectual (ANEXO VIII-C)
- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN (**ANEXO IX**)
- PERÍODO DE ADAPTACIÓN DE EDUCACIÓN INFANTIL (**ANEXO X**)
- CRITERIOS MÍNIMOS E DE CUALIFICACIÓN PARA PROMOCIONAR NAS DIFERENTES ETAPAS E CURSOS (**ANEXO XI**) (**EN RENOVACIÓN**)
- PROTOCOLO ABSENTISMO ESCOLAR E CONTROL DE ASISTENCIA DO ALUMNADO (**ANEXO XII**)
- PROTOCOLO XERAL DE ACCIDENTES E ENFERMIDADES DO ALUMNADO (**ANEXO XIII**)
  - Protocolo Específico da Epilepsia (ANEXO XIII-A)
  - Protocolo Específico da Diabete (ANEXO XIII-B)
  - Protocolo Atención Educativa Domiciliaria (ANEXO XIII-C)
  - Programa Alerta Escolar (ANEXO XIII-D)
- PROTOCOLO DE PROTECCION DE DATOS (**ANEXO XIV**)
- PROTOCOLO DE IDENTIDADE DE XÉNERO (**ANEXO XV**)
- PLAN DE ACTUACIÓN PARA A IGUALDADE (**ANEXO XVI**)



- PLAN DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR (**ANEXO XVII**)
- PLAN DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR (**ANEXO XIII**)

## **10. CERTIFICACIÓN DO CLAUSTRO DE PROFESORES E DO CONSELLO ESCOLAR.**

En reunións ordinarias de Claustro de profesores e Consello Escolar do Centro, celebradas o día 05 de abril de 2016 quedou aprobado o Proxecto Educativo de Centro que figura nas páxinas anteriores a esta certificación e os seus anexos.

En Vincios, a 05 de abril de 2016

O Equipo Directivo



O Director

Asdo.: Miguel González Barreira

A Xefa de Estudos

Asdo.: M<sup>a</sup> Salomé Salgado Rodríguez

A Secretaria

Asdo.: Ana M<sup>a</sup> Iglesias Iglesias